

**MOCIÓN PARA QUE SE DEPUREN RESPONSABILIDADES NO**  
**CASO DA CANDIDATURA GALEGA AO LABORATORIO DE**  
**BIVALVOS DA UE**

Xurxo Charlín Trigo, con DI 76.862.042-K, concelleiro do Ilmo. Concello de Cambados, en base ao disposto nos artigos 91.4 e 97.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das entidades locais e demais normativa que poida resultar de aplicación, presenta, diante do Pleno da Corporación esta moción, en base á seguinte

**Exposición de motivos:**

Fai unhas semanas fíxose público un novo engano da Xunta de Galicia: o presidente Núñez Feijóo reivindicou en Vilagarcía o 24 de novembro a candidatura galega ao Laboratorio de Bivalvos da Unión Europea (UE) que se atopa no Reino Unido, cando na Xunta e no Goberno español xa coñecían dende uns meses antes a intención da UE de suprimir este laboratorio.

É dicir, tanto a Xunta como o Goberno central coñecían a imposibilidade da candidatura pero non dubidaron en seguir enganando á cidadanía, ao sector marisqueiro galego e aos seus representantes no Parlamento galego.

Ademais, estes días coñecemos que o Estado español votou na UE en contra da permanencia ou continuidade deste laboratorio. Este voto demostra o nulo peso político do Goberno galego e incrementa a burla da Xunta ao grao de escándalo inaceptable que debería ter consecuencias políticas para os responsables.

Un engano inaceptable para as galegas e os galegos que impediu ademais que, dende que se notificou a intención da UE, en España e Galicia se iniciasen as medidas que permitiran a continuidade do laboratorio e a súa posible instalación na nosa comunidade, un dos territorios da UE con máis experiencia e cunha economía máis afectada pola produción e comercialización de bivalvos.

Esta falta de respecto amosada pola Xunta para as traballadoras e traballadores do mar do noso país merece unha explicación suficiente e que se asuman as responsabilidades políticas deste novo engano. Xa que de non ser así ninguén do sector do mar en Galicia terá a seguridade de que a Xunta non o está a enganar en moitas outras cuestións que afectan ao noso mar e que son tratadas no seo da UE.

Polo exposto anteriormente, presentamos a seguinte **Proposta de Acordo**:

**PRIMEIRO.-** Instar á Xunta de Galicia a que se lle dea traslado ao Concello de Cambados e ás distintas confrarías da Ría de Arousa das explicacións pertinentes e se depuren responsabilidades políticas polo fracaso da candidatura galega a sede do laboratorio europeo para o control das toxinas e a salubridade dos moluscos bivalvos.

**SEGUNDO.-** Instar ao Goberno do Estado a que se lle dea traslado ao Concello de Cambados e ás distintas confrarías da Ría de Arousa das explicacións pertinentes sobre os motivos polos que ocultaron dende o pasado 17 de maio que a Comisión Europea decidira suprimir por motivos orzamentarios o laboratorio europeo para o control das toxinas e a salubridade dos moluscos bivalvos, e pola contra se lle permitiu ao Presidente da Xunta o anuncio público da candidatura galega para albergar este laboratorio de referencia comunitario para o seguimento dos contaminantes virais e bacteriolóxicos dos moluscos bivalvos.

**TERCEIRO.-** Instar á Xunta de Galicia e ao Goberno do Estado a que se lle dea traslado á Comisión Europea da conveniencia de seguir mantendo o laboratorio de referencia comunitario para o seguimento dos contaminantes virais e bacteriolóxicos dos moluscos bivalvos e a idoneidade do Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño (Intecmar) como sucesor do centro situado na localidade británica de Weymouth.

Cambados, 19 de Decembro do 2017.

Documento asinado na Sede Electrónica do Concello de Cambados, Xurxo Charlín Trigo, Concelleiro de Somos Cambados.